



Información sobre incorporación do alumnado que estea en posesión do  
Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais  
(equivalente a diplomatura universitaria; regulado polo RD 1387/1991)

CURSO 2015-2016

PREÁMBULO

O Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro (modificado polo Real Decreto 21/2015) regula na actualidade as ensinanzas artísticas superiores, nas que se inclúe a Conservación e Restauración de Bens Culturais. Isto supuxo a extinción do antigo plan de estudos, regulado polo Real Decreto 1387/1991, de 18 de Setembro.

Pola súa parte, o Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, estableceu requisitos e procedementos para homologacións e equivalencias en relación co marco español e europeo de cualificacións. Sen embargo, este documento establece tan só un marco xeral e aínda non está desenvolvido para o que se refire ás ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais. Isto quere dicir que non existe na actualidade unha homologación entre o antigo título equivalente a diplomatura e o novo título equivalente a grao. A situación podería variar nos próximos anos, especialmente ante os cambios propostos na duración dos graos (de catro a tres anos), pero, pese a todo, polo momento o título superior equivalente a diplomatura e o título superior equivalente a grao son titulacións académicas diferentes e non homologables.

A conservación-restauración non é en España unha profesión regulada, á maneira en que o son a arquitectura ou a medicina, por poñer exemplos ben coñecidos. O título ten efectos de habilitación profesional na práctica, pero non está explicitamente recoñecido como “título habilitante” en ningunha normativa. Esta situación, sen embargo, si se dá noutros países europeos<sup>1</sup>, o que provoca que a

---

1 Os países nos que a conservación-restauración é profesión regulada son, como mínimo, Italia, Francia, República Checa, Lituania, Malta, Polonia, Rumanía, Eslovaquia e Eslovenia, como se pode comprobar na seguinte ligazón:  
[http://ec.europa.eu/internal\\_market/qualifications/regprof/index.cfm?](http://ec.europa.eu/internal_market/qualifications/regprof/index.cfm?)



mobilidade profesional europea se vexa moi afectada pola cuestión crítica da titulación, máis que noutras profesións.

Por outra banda, a intervención directa sobre o patrimonio cultural está regulada polas normativas específicas do Ministerio de Cultura. As administracións autonómicas tamén teñen requisitos particulares en cada comunidade autónoma para traballar co patrimonio cultural, en relación coa titulación, co currículo, coa experiencia demostrada ou con outras cuestións. É por isto que a cuestión da titulación é un asunto especialmente importante para os conservadores-restauradores, tanto a nivel individual como a nivel profesional. Esta cuestión tense visto sacudida ademais coas recentes sentenzas do tribunal supremo, que obrigaron á “corrección de erros” do Real Decreto 21/2015.

### ACLARACIÓNS SOBRE POSIBLES DÚBIDAS ACADÉMICAS E PROFESIONAIS

Tendo en conta todo o anterior e tendo en conta que a lexislación establece un proceso de adaptación curricular para aqueles que desexen obter a nova titulación<sup>2</sup>, a ESCRBCG establece nestas instrucións o procedemento de incorporación dese alumnado. Pese a todo, a ESCRBCG desexa facer explícitas unha serie de aclaracións en relación co perfil de ingreso e coas competencias dos titulados, do antigo e do novo plan de estudos.

Como é obvio, a existencia dunha nova titulación non significa que as competencias da titulación anterior queden invalidadas. Son titulacións académicas diferentes pero iso non significa que teñan consecuencias diferentes no ámbito

[action=profession&id\\_profession=12061&tab=countries&quid=2&mode=asc&pagenum=1&maxrows=15#top](#)

- 2 O Real Decreto 21/2015, que modifica o Real Decreto 1614/2009, afirma no seu apartado 10 o seguinte: *“quienes, estando en posesión de títulos de enseñanzas artísticas superiores oficiales de anteriores ordenaciones, pretendan obtener uno de los Títulos Superiores de Enseñanzas Artísticas mencionados en este real decreto, obtendrán el reconocimiento de créditos que proceda, a efectos de cursar los créditos restantes necesarios para la obtención del correspondiente Título Superior”*. Véxase tamén a disposición adicional cuarta do Real Decreto 635/2010.



profesional. O Real Decreto 1614/2009 é moi claro ó respecto na súa disposición adicional terceira: *“los titulados de las enseñanzas artísticas superiores oficiales obtenidos conforme a planes de estudios anteriores a los regulados en el presente real decreto, mantendrán todos sus efectos académicos y, en su caso, profesionales”*. Cada titulación corresponde cunha época e cunha lexislación educativa diferente, pero os seus efectos prácticos no traballo teñen que seguir sendo os mesmos, como sucede en tódalas demais titulacións e profesións. Dende logo, non sería lóxica unha hipotética preferencia entre unha titulación ou outra no ámbito profesional. Todas teñen a mesma validez profesional, exactamente igual en ambos casos.

Na ESCRBCG coñecemos as reivindicacións das asociacións profesionais de conservadores-restauradores e a confusión que a existencia destas diversas cualificacións xera na sociedade. Por iso, queremos insistir e destacar que, dende o noso punto de vista, as competencias profesionais en conservación-restauración do antigo título (equivalente a diplomatura) en relación co novo título (equivalente a grao), de maneira que consideramos inxusta calquera discriminación laboral a este respecto. Esperamos que futuras reformas lexislativas sirvan para aclarar a confusión actual. Por outra banda, tamén comprendemos a demanda existente entre os antigos titulados por obter a nova titulación ante as dificultades normativas para a habilitación profesional, o contexto económico actual e o problema frecuente do intrusismo profesional.

### PERFIL RECOMENDADO DE INGRESO

Pese ás posibles dúbidas sobre capacitación profesional, na ESCRBCG consideramos que este plan de adaptación dende a diplomatura ó grao non está necesariamente recomendado para tódolos alumnos titulados no pasado. O perfil de ingreso recomendado inclúe especialmente aqueles alumnos titulados que teñan como única titulación a diplomatura (equivalente) en conservación e restauración de bens culturais e que non teñan ningunha outra titulación superior. Aqueles alumnos que xa teñan titulacións de licenciatura ou incluso de máster



deberan meditar cuidadosamente se lles convén ou interesa realizar este plan de adaptación, a non ser que haxa vontade de cambio de especialidade, un interese académico á marxe do profesional ou unha razón persoal ou científica que xustifique esta decisión. Reiteramos que o feito de non ter a titulacións superior equivalente a grao non deba ser motivo de discriminación laboral, en ningún caso, e cremos que esta posición podería atopar sustento nos tribunais tendo en conta a disposición adicional terceira do Real Decreto 1614/2009 (xa mencionada).

Dado o perfil do alumnado habitualmente matriculado (alumnado traballador), e dado que as ensinanzas na ESCRBCG son de tipo presencial, consideramos que para polo menos unha parte dos alumnos interesados é moito máis lóxico buscar un nivel superior de máster, como por exemplo o ofertado pola Universidade de Vigo en colaboración coa ESCRBCG (Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural; máster oficial 60 ECTS; modalidade semipresencial que facilita a realización a distancia e con facilidades temporais; acceso permitido dende a diplomatura (equivalente) en Conservación e Restauración de Bens Culturais).

### OBRIGATORIEDADE DE ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN

En caso de que o alumnado desexe finalmente formalizar a súa matrícula nesta modalidade de adaptación dende a diplomatura, deberá ter en conta que non existe ningunha diferenza relevante con respecto ó resto do alumnado matriculado na ESCRBCG. As únicas consideracións especiais son aquelas referidas ó recoñecemento de créditos da antiga diplomatura e ás peculiaridades da matrícula, que obrigan a cursar a un tempo materias de dous cursos diferentes. Polo demais, o alumnado deberá cumprir exactamente as mesmas esixencias que o resto do alumnado. En concreto, para desfacer posibles equívocos queremos destacar neste intre a obrigatoriedade da asistencia presencial para todo o alumnado da ESCRBCG. A falta prolongada de asistencia poderá dar lugar á perda da avaliación continua, coa posible consecuencia de que o alumnado só terá dereito a un exame final como medida de avaliación, sexa na convocatoria ordinaria ou na



extraordinaria. Os criterios poden variar entre as materias teóricas e as prácticas. Como está consignado en tódalas guías docentes, a avaliación da asistencia pode variar dependendo da materia. Ademais dos propios profesores, a xefatura de estudos e os departamentos poderán solventar tódalas dúbidas sobre presencialidade e sistema de avaliación, como é habitual.

## DISPOSICIÓNS PRÁCTICAS PARA A MATRÍCULA E CALENDARIO

Vistas as consideración anteriores, informamos:

1. As persoas que estean en posesión do título equivalente a diplomatura en Conservación e Restauración de Bens Culturais<sup>3</sup> e desexen acadar a nova titulación equivalente a grao poderanse incorporar no 3º e 4º curso, nas condicións establecidas na Circular 5/2013 da Dirección Xeral de Educación, adaptadas neste documento pola dirección da ESCRBCG para o próximo curso escolar, dado que na resolución do 9 de abril de 2015 da Dirección Xeral de Educación (sobre acceso e admisión para o curso 2015-2016) non se inclúe información ó respecto.

2. Inscripción previa para o acceso e admisión: os aspirantes deberán formalizar unha solicitude de inscrición, indicando a especialidade á que optan. Será posible facer ata un máximo de tres solicitudes ó mesmo tempo, para as tres especialidades que se imparten na escola. O alumnado que xa forma parte das listas de agarda de anos anteriores e que continúe interesado en matricularse na escola deberá reiterar a súa solicitude coa entrega do anexo I, exclusivamente (dado que o resto dos documentos xa foran entregados en anos anteriores). Para o resto, será necesario presentar a seguinte documentación na secretaría da ESCRBCG.

- Impreso de solicitude de admisión.

---

3 Ensinanzas reguladas polo Real Decreto 1387/1991, de 18 de Setembro.



- Certificación de ter superado os estudos de conservación-restauración.
- Fotocopia do plan de estudos en caso de ter cursado os estudos noutra escola diferente da ESCRBCG.
- Solicitud de validación de créditos e información sobre materias a cursar.

3. A dirección da escola remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa tódalas solicitudes presentadas, xunto coa documentación relativa ás mesmas. A solicitude previa dará lugar a unha lista de agarda segundo a nota media obtida na anterior titulación (equivalente a diplomatura).

O cálculo da nota media será realizado, por instrucións da Consellería de Educación, seguindo a Resolución do 11 de abril de 2008 (BOE do 24 de abril). En caso de haber nota numérica empregárase a nota numérica. En caso de non haber nota numérica, as notas aplicables serán “aprobado” (5,5), “ben” (6,5), “notable” (8) e “sobresáinte” (10). Realízase unha media entre tódalas materias do plan de estudos, sen ter en conta horas de clase nin créditos, por non ser de aplicación neste caso o RD 1497/1987 nin o RD 1267/1994. Tampouco se terá en conta a convocatoria en que se aproba a materia.

Respectarase as listas de agarda de anos anteriores, de maneira que as solicitudes novas ordenadas por nota media engadiranse ó final das listas. O alumnado poderá reclamar ante esas listaxes provisionais nun prazo de dous días. A lista provisional dará lugar a unha lista definitiva.

4. Atendendo á solicitude de información sobre materias a cursar, realízase un recoñecemento de créditos tendo en conta o disposto na disposición adicional cuarta do real decreto 635/2010 e o disposto na circular 5/2013. Segundo a lexislación vixente, o alumnado que teña o título equivalente a diplomado recibirá, para a mesma especialidade, un mínimo de 180 créditos recoñecidos e, no caso de cambio de especialidade, obterá o recoñecemento das materias de formación básica. Este recoñecemento será resolto pola Dirección Xeral de Educación,



Formación Profesional e Innovación Educativa. Para o caso de alumnado titulado na ESCRBCG, o procedemento xa conta coa experiencia de anos anteriores e pódense coñecer con antelación as materias que se deberán cursar, seguindo as normas establecidas no real decreto 635/2010, disposición adicional cuarta, así como na circular 5/2013, e tendo en conta a experiencia previa de recoñecemento de créditos. Seguindo estes criterios, as materias que deberá cursar o alumnado son as seguintes:

No caso de realizar a mesma especialidade que se obtivo na antiga titulación:

#### TERCEIRO CURSO

##### PRIMEIRO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade I - 4 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade I - 4 ECTS.

##### SEGUNDO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade II – 4 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade II - 4 ECTS.

#### CUARTO CURSO

##### PRIMEIRO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade III – 3 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade III - 3 ECTS.

##### SEGUNDO CUADRIMESTRE

- Prácticas externas - 6 ECTS.
- Traballo fin de estudos - 9 ECTS.

No caso de realizar outra especialidade diferente:

#### TERCEIRO CURSO

##### PRIMEIRO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade I - 4 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade I - 4 ECTS.
- Técnica da conservación activa dos bens culturais da especialidade I – 3 ECTS.
- Práctica da conservación activa dos bens culturais da especialidade I – 11 ECTS.





#### SEGUNDO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade II – 4 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade II - 4 ECTS.
- Técnica da conservación activa dos bens culturais da especialidade II – 3 ECTS.
- Práctica da conservación activa dos bens culturais da especialidade II – 11 ECTS.

#### CUARTO CURSO

##### PRIMEIRO CUADRIMESTRE

- Teoría e práctica das técnicas dos bens culturais da especialidade III – 3 ECTS
- Historia dos bens culturais da especialidade III - 3 ECTS.
- Técnica da conservación activa dos bens culturais da especialidade III – 3 ECTS.
- Práctica da conservación activa dos bens culturais da especialidade III – 9 ECTS.

##### SEGUNDO CUADRIMESTRE

- Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens culturais da especialidade – 8 ECTS.
- Prácticas externas - 6 ECTS.
- Traballo fin de estudos - 9 ECTS.

Pese a esta experiencia previa, o alumnado deberá en todo caso facer a solicitude de validación de créditos. Para o alumnado titulado noutras escolas de conservación e restauración de España, este procedemento estará sometido a análise individualizada. A previsión é que o alumnado coñecerá as materias que debe cursar no momento da publicación da lista de agarda definitiva de admitidos en orde de prelación ou, en todo caso, antes do período de matrícula no mes de setembro.

A planificación habitual para os alumnos que se matriculan na súa propia especialidade é que se lles permita rematar o título nun único curso académico. Non se aplica isto ó alumnado que se matricula nunha especialidade diferente, de maneira que a previsión normal é que a duración do seu plan de adaptación sexa de dous cursos académicos completos. A este respecto unha aclaración importante é que no caso das materias que aparecen nomeadas I – II – III trátase de tres materias diferentes e independentes. As I e II corresponden co terceiro curso (primeiro e segundo cuadrimestre respectivamente) mentres a III corresponde co cuarto curso (primeiro cuadrimestre). Isto non significa, sen embargo, que teñan





que ser necesariamente realizadas na orde numérica suxerida. Isto podería provocar dificultades para asistir ó mesmo tempo ás materias I e III, dado que coinciden ambas no tempo, no primeiro cuatrimestre. Neste caso e noutros de posibles coincidencias, a xefatura de estudos tratará de elaborar uns horarios adecuados para facilitar a asistencia a tódalas materias, para o caso dos alumnos matriculados na súa mesma especialidade.

5. O número de prazas dispoñibles para cada curso escolar e para cada especialidade será determinado pola dirección da escola, en atención ás matrículas ordinarias e ás vacantes de espazo nas materias prácticas de 3º e 4º curso. O número de prazas será anunciado e comunicado ós solicitantes que forman parte da lista de agarda no momento en que se publique a lista definitiva ou, en todo caso, antes do seu período de matrícula.

6. O alumnado que obteña praza para o presente curso deberá formalizar a súa matrícula no mes de setembro, segundo se indica no calendario que aparece ó final deste documento. Ademais, deberá incluír os seguintes documentos:

- Solicitud de matrícula.
- Pago de prezos públicos.
- Solicitud de recoñecemento de créditos para aquelas materias que está obrigado a cursar (opcional).
- Solicitud de recoñecemento de créditos por experiencia profesional (opcional).

7. O alumnado que teña dereito a formalizar a matrícula por ter obtido unha das prazas dispoñibles por dereito de prelación poderá renunciar ós seus dereitos e non formalizar a matrícula no prazo indicado. Nese caso, a dirección da ESCRBCG notificará inmediatamente ó seguinte na lista de agarda a dispoñibilidade da praza e a necesidade de efectuar a matrícula o antes posible. O alumnado que renunciou ós seus dereitos de matrícula será eliminado da lista de agarda na especialidade ou especialidades correspondentes, aínda que poderá seguir formando parte daquela ou daquelas listas nas que non obtivese praza para este curso. O



alumnado poderá permanecer en varias listas de agarda en caso de non obter praza en ningunha delas. En resumo, o feito de obter praza nunha lista de agarda obriga á formalización da matrícula desa lista. Unha vez se obteña praza e se faga efectiva a matrícula o alumno ou alumna será eliminado do resto das listas de agarda, en caso de aparecer nelas.

8. Procedemento para o recoñecemento de créditos para as materias que o alumnado está obrigado a cursar.

O alumnado do plan de adaptación dende a diplomatura ten os mesmos dereitos que o resto do alumnado a efectos de recoñecemento de créditos por materias cursadas noutras titulacións. A solicitude destes recoñecementos adicionais será entregada no momento de formalización da matrícula. Aos efectos do recoñecemento de créditos ECTS, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, propondrá á Dirección Xeral as resolucións individualizadas de cada solicitude, nos prazos nos que se realiza o recoñecemento de créditos para todo o alumnado.

O Real Decreto 1614/2009, no seu artigo 5.5., explica que “los créditos obtenidos por reconocimiento de créditos correspondientes a actividades formativas no integradas en el plan de estudios no serán calificados numéricamente ni computarán a efectos de cómputo de la media del expediente académico”.

Pola súa banda, o Real Decreto 21/2015: artigo único, epígrafe 2, abre a porta ó recoñecemento da experiencia profesional: “la experiencia laboral y profesional acreditada podrá ser también reconocida en forma de créditos que computarán a efectos de la obtención de un título oficial, siempre que dicha experiencia esté relacionada con las competencias inherentes a dicho título. El número de créditos que sean objeto de reconocimiento a partir de experiencia profesional o laboral no podrá ser superior, en su conjunto, al 15 por ciento del total de créditos que constituyen el plan de estudios. El reconocimiento de estos créditos



no incorporará calificación de los mismos por lo que no computarán a efectos de baremación del expediente. En todo caso, no podrán ser objeto de reconocimiento los créditos correspondientes a los trabajos fin de estudios y máster”.

Dado que o alumnado do plan de adaptación está en situación de ter traballado profesionalmente como conservador-restaurador, pode hipoteticamente acollerse a esta opción para que se lle recoñezan créditos correspondentes a materias que está obrigado a cursar, sexan estas as prácticas externas ou calquera outra materia. A comisión de recoñecemento de créditos designada pola consellería deberá valorar se esa experiencia profesional serve para recoñecer as competencias que corresponden a cada materia solicitada. O alumnado deberá presentar a documentación xustificativa pertinente (vida laboral / contratos de traballo).

9. Tódolos trámites (inscrición, publicación de listas, reclamacións e matrícula) deberán facerse na secretaría da ESCRBCG, sendo posible tamén a solicitude por correo postal e electrónico. En caso de tramitación por correo postal ou electrónico rógase ó alumnado que se poña en contacto previamente coa secretaría da ESCRBCG (entre outras cousas, para informarse dos anexos que deben ser entregados en formato físico para poder garantir a súa autenticidade). O correo electrónico é o habitual da escola: [escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es](mailto:escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es). A información farase pública nos taboleiros de anuncios da ESCRBCG, na páxina web da escola e tamén no portal educativo da consellería,

10. Para o curso académico 2015-2016, as datas de referencia serán as seguintes:

- Datas de inscrición: dende o 15 de xuño, ás 9:00 horas, ata o 10 de xullo, ás 14:00 horas.
- Envío do listado de solicitudes á Consellería de Educación e comezo da preparación das listas de agarda: 13 de xullo.
- Publicación da lista provisional de admitidos, segundo a orde da nota media e segundo as listas de agarda precedentes: 24 de xullo.



- Prazo de reclamacións contra a lista provisional de admitidos: 27 e 28 de xullo.
- Publicación da lista definitiva e comunicación das prazas dispoñibles: 29 de xullo.
- Prazo de matrícula: dende o 1 de Setembro ás 9:00 horas ata o 11 de setembro ás 15:00 horas.
- Prazo de matrícula estendido en caso de renuncias: a determinar pola dirección da ESCRBCG.

#### 11. Lexislación aplicable.

- Real Decreto 1387/1991, de 18 de setembro, por el que aprueban las enseñanzas mínimas del currículo de conservación y restauración de bienes culturales y se regula la prueba de acceso a estos estudios.
- Resolución de 11 de abril de 2008, de la Secretaría General de Educación, por la que se establecen las normas para la conversión de las calificaciones cualitativas en calificaciones numéricas del expediente académico del alumnado de bachillerato y cursos de acceso a la universidad de planes anteriores a la Ley Orgánica 1/1990, de 3 de mayo, de Ordenación General del Sistema Educativo.
- Real Decreto 1614/2009, de 26 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas artísticas superiores reguladas por la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Real Decreto 635/2010, de 14 de mayo, por el que se regula el contenido básico de las enseñanzas artísticas superiores de Grado en Conservación y Restauración de Bienes Culturales establecidas en la ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Circular 5/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a implantación do cuarto curso dos estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ESCOLA SUPERIOR  
DE CONSERVACION  
E RESTAURACION  
DE BENS CULTURAIS  
DE GALICIA

- Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado.
- Real Decreto 21/2015, de 23 de enero, por el que se modifica el Real Decreto 1614/2009, de 26 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas artísticas superiores reguladas por la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Resolución do 9 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.



**SOLICITUDE DE ADMISIÓN CURSO 20.../20...**  
**PARA O ALUMNADO DO PLAN LOXSE**

DATOS PERSOAIS			
Nome		DNI, NIE, Pasaporte	
1º apelido			
2º apelido			
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

Domicilio		C.P.	
Concello		Provincia	

Centro no que cursou a diplomatura	
Especialidade	

Solicito ser admitido na Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, no ano académico 20 /20 ,

<b>Cursar a mesma especialidade</b>		
<b>Cursar outra especialidade</b>	<b>Bens arqueolóxicos</b>	
	<b>Bens escultóricos</b>	
	<b>Bens pictóricos</b>	

**DOCUMENTACIÓN APORTADA**

	Fotocopia do DNI ou NIE
	Certificación académica dos estudos de Conservación e Restauración
	Fotocopia do título
	Para os alumnos que cursaron os estudos fóra de Galicia, fotocopia do plan de estudos

En Pontevedra, a ..... de ..... de 20...